

Isaac Díaz Pardo inaugura unha mostra de urxencia en defensa do seu legado

A exposición podería ser a última do Instituto Galego de Información ao mando do intelectual

A xunta de accionistas do IGI decide esta tarde se desaloxa e releva do seu posto ao galeguista

Redacción / VIGO

As 20.00 horas de hoxe, a xunta de accionistas do Instituto Galego de Información (IGI) determinará se Isaac Díaz Pardo continúa ao mando do que foi o seu fogar e lugar de traballo nos últimos 20 anos ou se debe facer as maletas. Ante a posibilidade de que o intelectual galeguista teña os seus días contados no IGI (dende onde desenvolve o novo Seminario de Estudos Galegos, traballos de investigación histórica e obradoiros de deseño que ata hai pouco servían ao grupo Sargadelos), tanto Díaz Pardo como os once traballadores do Instituto abriron ante unha exposición "de urxencia" en Santiago para mostrar a riqueza histórica e cultural do legado que protexe. Esta podería ser a última mostra da historia do IGI.

Nunha nota informativa, os organizadores do evento —preparado case espontaneamente— explicaron que "se trata dunha mostra de urxencia por se dunhas circunstancias, non desexables, resultase ser esta a derradeira exposición que fai o instituto". A mostra, "breve" como a califican os seus propios organizadores, presenta documentos escritos, correspondencia de persoas así como debuxos e acuarelas de intelectuais destacados da historia cultural galega.

Para apoiar a Díaz Pardo e aos seus colaboradores, asistiron á inauguración máis dun cento de representantes da cultura, política e a arte galegas. Entre eles, o presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares; Euloxio Ruibal; Encarna Otero ou Camilo Nogueira, entre outros.

Itinerario en vitrinas

A mostra inaugurada onte iniciase cunha vitrina na que aparece unha libreta de notas do pintor Ovidio Murguía, fillo de Rosalía de Castro; así como dúas pequenas acuarelas de Serafín Avendaño; ademais de escritos de Villar



Persoas da vida cultural e social galegas arrouparon a Díaz Pardo onte en Santiago. / JORGE LEAL

Máis dun cento de persoas apoian ao intelectual nas horas anteriores á xornada determinante de hoxe

Ponte, dúas cartas de Miguel de Unamuno a varios editores italianos enviadas dende o seu cárcere dominicano e que foron secuestradas pola policía.

Nesta primeira vitrina, destacan tamén varios documentos sobre Castelao entre os que figuran escritos elaborados antes de xullo de 1936, outros manuscritos que redactou durante a súa estada en Nova York así como una tarxeta postal enviada dende a cidade dos rañaceos aos seus amigos exiliados en Arxentina onde ofrece "un corte de mangas" á Estatua da Liberdade.

Na segunda vitrina, presentan-se varios debuxos e acuarelas que o IGI posúe en depósito e que foron realizados por Seoane, Maside, Souto, Colmeiro, Laxeiro, Nóvoa e Reimundo Patiño, como testemuña da creación dos mellores artistas galegos do século pasado.

A exposición, ademais, permite aos asistentes ollar documentación do Consello de Galiza promovido por Castelao nos anos 1944 e 1945 a semellanza dun goberno galego no exilio que, en principio, tería voz nas esperadas democracias de Europa tralo re-

mate da II Guerra Mundial. Esta documentación que ofrece o IGI encóntrase pendente de clasificación e de estudo e foi depositada no Laboratorio de Formas do grupo Sargadelos "como a única institución que podía entender e gardar con calor esta historia significativa de Galicia".

Por último, hai que resaltar tamén as cartas de arquitectos como Genaro de la Fuente, Antonio Palacios ou Rodríguez Losada; as misivas enviadas por Maside a Fernández Armesto e a Fernández Mazas; as epístolas de Sotomayor, Vicente Risco, Cabanillas, Amor Ruibal, Filgueira Valverde, Aquilino Iglesias, María Casares, Celso Emilio Ferreiro, Ferro Couselo ou Álvaro Gil, entre outros 50 intelectuais, políticos e artistas. Como remate, a mostra presenta documentos, fotografías e obxectos da Guerra Civil.

Arredemo e Burla Negra mostran o seu apoio

Os colectivos Burla Negra e Arredemo convocan a persoas e colectivos comprometidos coa cultura galega a participar hoxe nunha acción de apoio a Isaac Díaz Pardo no Instituto Galego da Información (IGI), na estrada de Lavacolla (Santiago de Compostela), a partir das 18.00 horas. A rede de acción sociocultural Arredemo fai tamén un achegamento á distribución colectiva do número cero do Xornal Galicia aos socios da rede e a persoas e colectivos interesados en facer chegar esta acción en rede ao seu entorno máis próximo. A súa presentación será tamén no IGI a partir das 19.30 horas. Estará dispoñible en librerías e quioscos a partir de mañá. No propio acto haberá exemplares para a súa venda e para a rede de distribución. O Patronato da Cultura Galega de Montevideo solidarízase tamén coa obra e a persoa de Díaz Pardo, esixíndolle ás autoridades galegas que asuman o compromiso de defender e preservar o patrimonio galego.

A Asociación de Escritores pide inventariar o IGI

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) pide á administración competente o inventario e catalogación do patrimonio documental do Instituto Galego de Información, para a súa posterior declaración como Ben de Interese Cultural.

A declaración como Ben de Interese Cultural do rico patrimonio documental depositado no seu día no Laboratorio de Formas, suporía a salvagarda, garante e preserva do ideario fundacional dun proxecto nacional, testemuña dun tempo histórico de cuxas fontes se alimentan moitos proxectos actuais, no que implicaron ademais os exiliados galegos e os traballadores da cultura da emigración do país.

"Destruír o Instituto Galego de Información é voltar a esconder a documentación legada da institución"

Isaac Díaz Pardo fixo público onte un comunicado como resposta "a un panfleto que metieron no internet os que se apoderaron con dor da administración de Sargadelos e no que tratan de xustificar por que pretenden destruír e vender o Instituto Galego de Información". Para el, "destruír o IGI é destruír Edicións O Castro, que é o que odian maiormente, e voltar a esconder a documentación legada nesta institución". Segundo o intelectual galeguista,

ta, durante os 20 anos nos que estivo na administración de Sargadelos "non houbo o menor problema, e iso de que en 10 anos se dilapidaron mil millóns de pesetas trátase dunha patraña para imbéciles". Díaz Pardo sinala que a partida principal que asume o IGI é dun custo de persoal de 413.764,40 euros no último exercicio 2006. "Certo que hai outros insumos, mais hai que dicir o que se facturou e acreditou polo traballo que fai o IGI. Somentes no exer-

cicio 2006, por unha peza estudada e configurada no IGI a Estrella Galicia, esta pagou máis de 400.000 euros". As galerías de Sargadelos foron montadas e atendidas na súa totalidade con exposicións feitas polo IGI, e sobre todo a de Santiago supuxo unha forte inversión que asumiu o IGI. Isaac Díaz Pardo explica neste comunicado que no IGI constrúense mobles que se venden nas galerías e dirixense e contrólense Edicións O Castro, "un elemento

que serve de propaganda aos produtos de Sargadelos". O galeguista denuncia tamén que "a xente de IGI leva nove meses sen cobrar. Os que se fixeron coa administración de Sargadelos o único que queren son os cartos". Logo de pechar a galería de Milán e a de Porto, "o que demostramos a ignorantes que son, pretenden pechar a de Sevilla e vender o local. Alá os sindicatos e os seus representantes se lles deixan facer tal estafa", engade Díaz Pardo.



Isaac Díaz Pardo. / JORGE LEAL